




Grazas, Espírito Santo, porque:

- Nos fas ser fillos e irmáns.
- Anímashos e fortalécesnos.
- Fai que o noso corazón se pareza ao de Xesús por estar cheo de amor.
- Nos unes en comunidade.
- Animas as nosas celebracións.
- Axúdashes a entender a Palabra e a orar.
- Moves e guías a Igrexa.
- Alentas iniciativas de paz e de perdón. • Fasnos testemuñas de Xesús.



Aprende esta canción: Vive, Unai Quirós-Fano: <http://youtu.be/watch?v=tLER5i4wDx8>

Anunciamos alegres que



Espíritu Santo

Domingo
de
Pentecostés

Pascua - Pentecoste

FEITOS 2,1-11: Enchérонse todos de Espírito Santo e empezaron a falar.

SALMO 103: Envía o teu Espírito, Señor, e renova a cara da terra.

1 CORINTIOS 12, 3b-7. 12-13: Fomos bautizados nun mesmo Espírito, para formar un só corpo.

XOÁN 20, 19-23: Como o Pai me enviou, así tamén vos envío eu; recibide o Espírito Santo.

Narrador: Á noitiña daquel día, o primeiro da semana, estaban os discípulos nunha casa, coas portas pechadas por medo aos xudeus. E nisto entrou Xesús, púxose no medio e díolle:

Xesús: -«Paz convosco».

Narrador: E, dicindo isto, ensinoulles as mans e o costado. E os discípulos enchérónse de alegria ao ver o Señor. Xesús repetiu:


Xesús: -«Paz convoco. Como o Pai me enviou, así tamén vos envío eu».

Narrador: E, dito isto, soprou sobre eles e díolle:

Xesús: -«Recibide o Espírito Santo; a quen lles perdoes os pecados, quédanlle perdoados; a quen llos reteñades, quédanlle retidos».

Palabra do Señor.

(Narrador-Xesús).



Espírito Santo
Domingo de Pentecostés



Xesús en Pentecoste envíanos o Espírito que nos VIVIFICA

1. VER: A regadeira

- Fano fálanos da regadeira. Para que serve? Para regar. Pero unha regadeira necesita o brazo que bota auga e a parte de abaxo, se non a auga non pararía dentro. Pois o noso labor é ir pola vida regando no cole, na familia, onde hai calor, ou haxa tristeza, ou algúen necesite algo..., eu rego, eu dou, comparto.

É bonito estar como unha regadeira? Por que?

Cartel de Fano: <https://www.diocesismalaga.es/dibujos-de-fano-en-color/>

2. XULGAR: Xesús envíanos o Espírito que nos vivifica

- Na 1ª lectura deste domingo, o libro dos Feitos cónтанos que o día de Pentecoste os apóstolos “enchérонse todos de Espírito Santo” que veu en forma de linguas de lume. É no evanxeo de Xoán aparecen os apóstolos cheos de medo aos xudeus e entrou Xesús e díolle: “Paz convosco... Recibide o Espírito Santo”.

Pentecoste, película: <https://www.youtube.com/watch?v=UNzoh47dVIE>

QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

- O día de Pentecoste os apóstolos reciben o Espírito Santo e empezan a facer as obras de Deus, a construír a Igrexa de Xesús, esqueceron o medo e lanzáronse a ser valentes testemuñas de Xesús e xa nada foi capaz de paralos.
- Hoxe somos nós os que recibimos o Espírito, El vén darnos todo o que necesitamos: alegria, grazia, forza para anunciar a Xesús con obras e palabras, esperanza, amor e entrega a Xesús e á Igrexa, compromiso con ela, fe forte...
- Por iso Fano, falándonos da regadeira, lembranos que non nos esquezamos de enhela Como? Rezando a Xesús e ao seu Espírito: “Señor axúdame, cóidame, enche a miña vida interior” ... E indo a Misa... Para iso soster (a vida) na base de Xesús: é importante coñecer a Xesús e ao seu Espírito e recibilo nos sacramentos.
- Pero Xesús necesítate para ir regando alí onde esteas: no cole ou na familia, rega alegria, axuda, compaixón, esperanza, humor, fe... E onde esteas ti irá o Espírito contigo.

Unha nova mirada, VD 2014, reflexión: https://www.youtube.com/watch?v=AI_ThlIHm2g

Que che pide Xesús?

3. ACTUAR: VIVIFICA co Espírito a túa vida e a dos demás

- Pide a axuda do Espírito para que a túa vida non se “murche”: Ven Espírito Santo, e acende no meu corazón o lume do teu amor.
- Lembra que na confirmación recibimos a forza do Espírito para ser as súas testemuñas hoxe e pertencer ao grupo de Xesús.
- Vivifica a túa vida e a dos demás e aprende a canción de Fano: “Eu quero estar como unha regadeira, cheo de ti nunha pouca terra, sementando amor, estando sempre ao teu lado, eu quero ser un benaventurado”. https://www.youtube.com/watch?v=R730a8xZD_U

Que imos fazer?

Espírito Santo, Athenas: <https://www.youtube.com/watch?v=jtt7zyFeNIls>